

BANDO

JOSÉ MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA (LUGO).

Pon en coñecemento dos veciños deste municipio, que dende o **27 de XANEIRO ao 03 de FEBREIRO de 2023** desprazarase a este Concello unha unidade móbil (Supervisión y Control, S.A. ITV), en horario de **9 a 13:30 pola mañá, e de 15:15 a 18:00 horas pola tarde, agás os días 27/01/2023 e 03/02/2023, que será só en horario de mañá. A unidade móbil instalarase na VILA DE PARADELA, (NO MERCADO GANDEIRO),** co obxecto de realizar inspeccións periódicas a vehículos agrícolas, así como de obras e servizos que a súa velocidade máxima por construción non supere os 40 Km/h, a súa tara (peso en vacío) non supere 8.000 Kg, nin exceda de 2.500 mm na súa anchura (SÓ VEHÍCULOS MATRICULADOS).

PARA SOLICITAR CITA PREVIA:

- Por teléfono: 902 30 90 00.
- A través da páxina web: www.sycityv.com – Cita previa.

PERÍODOS DE INSPECCIÓN:

Segundo sexa a antigüidade do vehículo, computada dende a súa primeira matriculación ou posta en circulación, os períodos de inspección son os seguintes:

- ATA OITO ANOS: EXENTO.
- DE OITO ANOS A DEZASÉIS ANOS: CADA DOUS ANOS.
- MÁIS DE DEZASÉIS ANOS: ANUAL.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- TARXETA DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.
- PERMISO DE CIRCULACIÓN.
- CARTILLA DE INSCRIPCIÓN AGRÍCOLA NO SEU CASO.

DEFICIENCIAS HABITUAIS QUE PODEN SER CORRIXIDAS ANTES DE PASAR INSPECCIÓN:

- Catadriópticos e reflectantes:
 - . Tractores: Non triangulares e de cor vermello na parte posterior.
 - . Remolque: Non triangulares e de cor vermello na parte anterior.
Triangulares e de cor vermello na parte posterior.
- Correcto funcionamento e estado do sistema de sinalización e alumeadado.
- Espello retrovisor esquerdo (tractores e maquinaria automotriz).
- Número de bastidor e de motor limpos.
- Correcto funcionamento dos freos de servizo e estacionamento.
- Axeitado estado da plataforma de carga dos remolques.
- Mecanismos de dirección sen folguras excesivas.
- Esixencias das cadeas de unión entre tractor e remolque.
- Placas de velocidade máxima axeitadas (en remolque será de 25 Km/h).

*Segundo o Real Decreto 1428/03 tódolos tractores agrícolas, maquinaria agrícola automotriz, vehículos de obras e servizos deberán montar independentemente da súa data de matriculación **UNHA LUZ XIRATORIA (FAROLILLO)** AMARILLO AUTO, situada sobre o teito da cabina ou nun cabezal telescópico, polo tanto a partir do **1 de xaneiro de 2007 será obrigatorio levalo instalado nos mencionados vehículos.***

En Paradela, na data da firma electrónica á marxe
O Alcalde-Presidente
José Manuel Mato Díaz

Concello de Paradela

Rua Cabaleiros de Santiago, 15, PARADELA. 27611 Lugo. Tfno. 982541101. Fax: 982541232. Correo-e: concello.paradela@eidolocal.es

